



1 1. USOS

1. USOS

Non hai dúbida de que a Rede, con todos os seus servizos, constitúe un atractivo para os menores. Permítelle comunicarse con amigos e amigas, xogar, facer traballos escolares, entreterse... E todo a través dun só aparello. Ata non hai moito, usaban un teléfono para falar cos amigos e amigas, un televisor para ver as súas series favoritas, un MP3 para escoitar música, un ordenador para conectarse ao Messenger, unha consola para xogar... Todo isto pódese facer agora desde un só dispositivo, chámese ordenador, tableta ou móbil. É o que contribúe ao que chamamos adolescentes “multitarefa”: son quen de estar facendo varias cousas á vez. Outro tema é o grao de concentración. Vexamos cales son as principais utilidades que os menores atopan na Rede.

1.1. COMUNICACIÓN

Pódese dicir que o que engancha en Internet non é a información, senón a comunicación. O adolescente encontra nas ferramentas da Rede unha oportunidade única para estar en contacto cos seus compañeiros e compañeiras. Non importa que acabe de estar todo o día con eles e elas na escola: a forma de comunicación a través de Internet (mensaxería móbil ou redes sociais) é outra cousa. Permítelles tamén establecer contactos novos, posiblemente a través de amigos de amigos, inda que outras veces poden ser completos descoñecidos que envían solicitudes de amizade ou que coñecen en xogos en liña, foros, etc.

1.2. INFORMACIÓN

Desde sempre, Internet supuxo unha fonte de información inmediata. Para os menores constitúe un recurso para os seus traballos escolares. Xa non necesitan ir á biblioteca para consultar os datos que necesitan para as súas tarefas escolares. Outra cousa é a fiabilidade da información, que xa veremos despois, e a facilidade para o “corta e pega”.

Os que teñen algunha afección tamén atopan en Internet unha fonte de consulta para aprender máis sobre ela..

1.3. ENTRETENEMENTO

Sen dúbida, Internet desprazou outras formas de pasar o tempo. Os adolescentes poden pasar horas e horas xogando en liña, ou vendo series e películas descargadas de Internet ou en directo, escoitando música en “streaming” (distribución multimedia a través da rede, de tal maneira que se consume ao mesmo tempo que se descarga). Tamén obtendo información dos seus grupos ou actores e actrices favoritas. Ou vendo fotos e vídeos dos seus contactos.